



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencvms/gl/index.html>

Ref.:SLR

### **DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN POR LOTES, E INSTALACIÓN DE CATRO BOMBAS PARA ESTACIONES DE BOMBEO DE AGUAS RESIDUAIS PARA A MELLORA NO SISTEMA DE SANEAMENTO MUNICIPAL E PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE (FCA 2024). LOTES 1, 2 3 e 4.**

#### ANTECEDENTES DE FEITO

- Mediante Decreto 1502/2024 de data 24/07/2024, aprobouse o expediente de licitación do contrato “Subministración, por lotes, e instalación de catro bombas para estacións de bombeo de augas residuais para a mellora no sistema de saneamento municipal e protección do medio ambiente (FCA 2024)”.
- A licitación foi publicada no perfil do contratante do órgano de contratación o día 26/07/2024. O prazo para a presentación de ofertas foi de dez días hábiles.
- Durante este período presentáronse a esta licitación dúas empresas para cada un dos lotes, tal e como consta na acta do día 12/08/2024.
- Segundo o procedemento descrito no prego de cláusulas administrativas que rexe a licitación, abríronse as ofertas económicas. A acta de apertura pódese consultar no enlace <https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3AperfilContratante&idBp=KCirNwEbAucQK2TEfXGy%2BA%3D%3D>
- O licitador proposto como adxudicatario para os lotes 1, 2, 3 e 4 xustificou neste expediente a súa capacidade de obrar e que non está incursos en ningunha prohibición para contratar; así mesmo xustificou a solvencia económica e técnica e o concello verificou que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias co concello, coa Seguridade Social e coa Administración tributaria estatal e autonómica.
- O día 09/09/2024, a intervención municipal emite o informe favorable nº 373/2024.

#### FUNDAMENTOS

Os artigos 36.1, 159.6, 346.3 e da D.ad.IIª da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de contratos do sector público; do previsto nos artigos 184 do Texto refundido 2/2004, do 5 de marzo, das facendas locais e 56 e 57 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, de desenvolvemento do capítulo primeiro do título sexto da Lei reguladora das facendas locais, que regulan as disposición dos créditos presupostados o Decreto nº 1529/2023, de 5 de xullo, de delegación de competencias nos membros da corporación municipal, no seu punto 1º d), que designa a María Tania Pardo Cabarcos, como concelleira delegada da Área de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación

Por iso, á vista dos antecedentes e fundamentos citados, RESOLVO:

- 1º) Adxudicar o lote 1 (Bombeo Perfolla) do contrato “Subministración, por lotes, e instalación de catro bombas para estacións de bombeo de augas residuais para a mellora no sistema de saneamento municipal e protección do medio ambiente (FCA 2024)”, ao licitador Sulzer Pumps Wastewater Spain, SA. A execución do contrato realizarase de acordo co previsto no PPT. O responsable ante o concello, ao que lle corresponderán as funcións de organizar, controlar e dirixir as persoas traballadoras e que será o único interlocutor co concello é Pablo Rey.
- 2º) Dispoñer crédito, para o lote 1, por importe de 6928,80 € (sen IVE) e 8383,85 € (con IVE), a favor do licitador Sulzer Pumps Wastewater Spain, SA con cargo á partida orzamentaria 1721.60901 (proxecto de gasto 2024.2.20001.1).



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencvms/gl/index.html>

Ref.:SLR

- 3º) Adxudicar o lote 2 (Bombeo Mourela) do contrato “Subministración, por lotes, e instalación de catro bombas para estacións de bombeo de augas residuais para a mellora no sistema de saneamento municipal e protección do medio ambiente (FCA 2024)”, ao licitador Sulzer Pumps Wastewater Spain, SA. A execución do contrato realizarase de acordo co previsto no PPT. O responsable ante o concello, ao que lle corresponderán as funcións de organizar, controlar e dirixir as persoas traballadoras e que será o único interlocutor co concello é Pablo Rey.
- 4º) Dispoñer crédito, para o lote 2, por importe 3640,71€ (sen IVE) e 4405,26€ (con IVE), a favor do licitador Sulzer Pumps Wastewater Spain, SA con cargo á partida orzamentaria 1721.60901 (proxecto de gasto 2024.2.20001.1).
- 5º) Adxudicar o lote 3 (Bombeo Barreiro) do contrato “Subministración, por lotes, e instalación de catro bombas para estacións de bombeo de augas residuais para a mellora no sistema de saneamento municipal e protección do medio ambiente (FCA 2024)”, ao licitador Sulzer Pumps Wastewater Spain, SA. A execución do contrato realizarase de acordo co previsto no PPT. O responsable ante o concello, ao que lle corresponderán as funcións de organizar, controlar e dirixir as persoas traballadoras e que será o único interlocutor co concello é Pablo Rey.
- 6º) Dispoñer crédito, para o lote 3, por importe de 6993,25 (sen IVE) e de 8461,83€ (con IVE), a favor do licitador Sulzer Pumps Wastewater Spain, SA con cargo á partida orzamentaria 1721.60901 (proxecto de gasto 2024.2.20001.1).
- 7º) Adxudicar o lote 4 (Bombeo Lago) do contrato “Subministración, por lotes, e instalación de catro bombas para estacións de bombeo de augas residuais para a mellora no sistema de saneamento municipal e protección do medio ambiente (FCA 2024)”, ao licitador Sulzer Pumps Wastewater Spain, SA. A execución do contrato realizarase de acordo co previsto no PPT. O responsable ante o concello, ao que lle corresponderán as funcións de organizar, controlar e dirixir as persoas traballadoras e que será o único interlocutor co concello é Pablo Rey.
- 8º) Dispoñer crédito, para o lote 4, por importe de 2175,00€ (sen IVE) e de 2631,75€ (con IVE), a favor do licitador Sulzer Pumps Wastewater Spain, SA con cargo á partida orzamentaria 1721.60901 (proxecto de gasto 2024.2.20001.1).
- 9º) Acordar a publicación da adxudicación do contrato no perfil do contrato do órgano de contratación.
- 10º) A formalización do contrato considerarase efectuada mediante a sinatura das aceptacións por parte do contratista da resolución de adxudicación.
- 11º) As ofertas presentadas e a documentación relativa á súa valoración serán accesibles de forma aberta por medios informáticos sen restrición algunha dende o momento en que se notifique a adxudicación do contrato.
- 12º) Comunicar esta adxudicación ao Rexistro de Contratos do Sector Público, para os efectos previstos no artigo 346.3 da LCSP.
- 13º) Comunicar aos licitadores que contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante o órgano de contratación, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC). Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificada a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, contado dende o día seguinte ao daquel no que se



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/openscms/gl/index.html>

**Ref.:SLR**

producise a desestimación presunta. Se o acordo de reposición foi resolto expresamente o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado núm. 1 de Ferrol.

Malia o anterior, poderá impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (art. 123.1 da LPAC). Para tal efecto poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Ferrol.

As Pontes de García Rodríguez, setembro de 2024